



Concello de Monterroso

PROXECTO E BASES

FEIRA DE OPORTUNIDADES, AGOSTO 2025

XUSTIFICACIÓN:

O Concello de Monterroso, en colaboración cun grupo de empresarios da vila convoca e participa na organización do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES, os días 8 e 9 de agosto, co obxectivo de incentivar e potenciar o consumo na vila.

EVENTO:

Apertura dos comercios participantes na rúa, para poder mover o stock almacenado, promocionando o consumo na vila.

Os negocios poderán ocupar solo público durante os días de celebración do evento en horario comercial para poder desenvolver a actividade e exporán ao público os distintivos que lles proporcionará o Concello.

O Concello desenvolverá un sorteo de 480,00 € repartidos en vales de compra nos negocios participantes, e nunca superarán os 30,00 € cada un.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

A campaña desenvolverase os días 8 e 9 de agosto, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

Os negocios interesados en participar deberán inscribirse antes do día 30 de xullo, por whatsapp no teléfono da traballadora de cultura. Tamén farán constar as mesas que precisan para desenvolver a actividade.

BASES DO SORTEO:

A campaña desenvolverase os días 8 e 9 de agosto, dentro do evento FEIRA DE OPORTUNIDADES.

O Concello proporcionará aos negocios participantes as papeletas e urnas para desenvolver o sorteo, estes deberán cubrir o recadro correspondente para coñecer a procedencia das papeletas.

Non se poderán presentar ao sorteo os titulares dos comercios participantes, se son persoas físicas ou se os empresarios son persoas xurídicas, os socios, os seus familiares directos (cónxuxes, ascendentes ou descendentes en primeiro grao) ou os seus empregados, con papeletas obtidas por compras no seu propio establecemento.

Considéranse papeletas válidas as que conteñan todos os datos requiridos para la identificación dos participantes (nome, apelidos e teléfono) para así poder localizalos para realizar a entrega do premio.

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617





Concello de Monterroso

O sorteo realizarse o día 11 de agosto ás 10:00 horas no Espazo Cultural Lorenzo Varela e será retransmitido por redes sociais.

AS TARXETAS AGASALLO:

Serán entregadas no Espazo Lorenzo Varela no momento que se recolla o material para o sorteo (Papeletas e urnas) Terán o importe que se deduza do total do orzamento repartido entre o número de negocios participantes, e nunca superarán os trinta euros.

Deberán ter data de caducidade de 60 días a partir da data do sorteo. Neste caso vencerán o día 11 de outubro de 2025.

A data límite de facturación para os negocios participantes será o mércores, 15 de outubro

Unha vez que os gañadores recollan a súa tarxeta e realicen o gasto no negocio correspondente, este facturará ao Concello de Monterroso, en concepto de 1 tarxeta agasallo e a axuntará á factura que presente no rexistro municipal.

Anexo I: Listado de premios

1 SORTEOS POR IMPORTE DE 480 €

